

XXVII EXPOSICIÓN FILATÉLICA DA FEIRA DO VIÑO DO ROSAL



ÍNDICE DE CONTIDOS

Portada - Imaxe do folleto informativo gratuito do Servizo Filatélico de Correos e Telégrafos da emisión do sello “Vinos con Denominación de Origen Rías Baixas” emitido o 27 de xullo de 2002.

Páxina 3 - Saúda da Alcadesa de O Rosal, Ánxela Fernández Callís.

Páxina 4 - Saúda do Presidente da Federación Galega de Sociedades Filatélicas, Valentín Suárez Alonso.

Páxina 5 - Saúda do Presidente do Grupo Filatélico “Val do Rosal”, Alfonso Dorado Senra.

Páxina 6 - “COVID19” polo DR. Pedro Luis Menchén Fernández-Pacheco

Páxina 8 - “O ROSAL VIAXARÁ POLO MUNDO GRAZAS AO SEU CUÑO TURÍSTICO” (información obtida do **facebook de Correos**. As fechas de posta en circulación obtidas do “*Catálogo Matasellos Turísticos Modernos de España*” de **Francisco Morro Martí**. As imaxes dos cuños turísticos son obtidas de **www.correos.es**)

Páxina 17 - Listado de expositores da “XXVII Exposición Filatélica Feira do Viño do Rosal” (exposición virtual)

Páxina 19 - XXVII Exposición Filatélica Feira do Viño do Rosal 2020 virtual.

Páxina 20 - Contraportada

Coordinadora do boletín *Marta Verde Rodríguez*

SAÚDA DA ALCALDESA DE O ROSAL

Ánxela Fernández Callís



A situación de Pandemia que estamos a vivir impidiu realizar unha exposición presencial, mais tivemos a capacidades de sacar o mellor de nós mesmos para re inventarnos, adaptarnos á nova realidade e seguir camiñando na realización e difusión da actividade filatélica e numismática dun xeito totalmente diferente.

A realidade na que se engloba a XXVIII edición da Feira do Viño do Rosal marca un punto de inflexión na historia da propia Feira e na Exposición do Grupo Filatélico Numismático “Val do Rosal”.

Tod@s xunt@s tivemos a capacidade de crear o que nunca teríamos imaxinado e vivimos a primeira Exposición Filatélica virtual na que a través da páxina web feiradoviño.gal podemos coñecer moitas cuestiós de interese como qué son os cuños turísticos, os cuños turísticos do Rosal e de Galicia.

Así mesmo, podemos disfrutar de 14 coleccións convidadas de xeito detallado. A accesibilidade a importantes coleccións que, por cuestiós de espazo, non sería viable visitar dun tirón nunha exposición pública presencial é, sen dúbida, a vantaxe principal dos medios dixitais cos que xa estamos a aprender moito nesta pandemia.

Como alcaldesa do Concello do Rosal, quero agradecer o gran traballo do Grupo Filatélico Numismático “Val do Rosal”, nomeadamente no seu presidente, Alfonso Dorado Senra. O Grupo Filatélico e Numismático e o Concello do Rosal tivemos a capacidade de camiñar da man na innovación, traballar xuntos e levar toda esta historia e tradición ao ámbito da dixitalización. Xuntos amosamos que somos quen de superar calquera obstáculo.

Convido a toda a veciñanza a que visite, analice e afonde na información das exposicións.

Con todo o cariño, cos mellores desexos na saúde e esperando poder vernos e apertarnos canto antes.

Reciban un cordial saúdo,

SAÚDA DO PRESIDENTE DA FEDERACIÓN GALEGA DE SOCIEDADES FILATÉLICAS “FEGASOFI”

Valentín Suárez Alonso

Con motivo de la *XXVII Exposición Filatélica Feira do Viño do Rosal 2020*, y por primera vez de forma virtual, a causa de la terrible pandemia que estamos padeciendo actualmente.

No es fácil para ningún Grupo Filatélico realizar exposiciones filatélicas, y más en este año tan complicado por todos sabido. Por eso considero que es de destacar el esfuerzo que ha realizado por parte de la Junta Directiva del Grupo Filatélico Numismático “Val do Rosal”, dirigido por su Presidente y amigo D. Alfonso Dorado Senra, para que esta exposición sea una realidad y estoy seguro que todo un éxito.



En nombre de la Junta Directiva de la Federación Gallega de Sociedades Filatélicas, que me honro en presidir y en el mío propio, deseo Felicitar a los Expositores, pero muy en especial a los dos expositores juveniles: Sofía Alonso Dorado y Francisco Alonso Dorado; a todos ellos por sus interesantes e importantes colecciones y con la participación de colecciones de Madrid, Ourense, A Guarda y O Rosal.

La filatelia está inserta en el Arte y en la Cultura, es vista como una forma de expresión artística y una fuente de conocimiento ya que se registran y reflejan el desarrollo Gráfico, Cultural, Social, Artístico, Político y Comunicacional, manteniendo viva la memoria de los pueblos. Por ello no en vano, es considerada el Notario Mayor de la Historia y es reconocida como instrumento para difundir la Cultura y la Historia de los Países.

Mi más sincero agradecimiento para el Presidente D. Alfonso Dorado Senra y la Junta Directiva del Grupo filatélico Numismático “Val de O Rosal” por la brillante idea de celebrar esta Exposición de forma virtual.

También a la extraordinaria filatelista Doña Marta verde Rodríguez por su estimable colaboración.

También nuestro agradecimiento para la Señora Alcaldesa Doña Ánxela Fernández Callís y su Junta de Gobierno del Ayuntamiento de O Rosal, por su estimada Ayuda y Colaboración con las Exposiciones organizadas por el Grupo Filatélico Numismático “Val de O Rosal”.

SAÚDA DO PRESIDENTE DO GRUPO FILATÉLICO NUMISMÁTICO “VAL DE O ROSAL”

Alfonso Dorado Senra



Como Presidente do Grupo Filatélico Numismático “Val do Rosal” e, en nome dos meus compañeiros de Xunta Directiva, queremos agradecer ao Concello de O Rosal por deixarnos participar nesta **XXVIII Feira do Viño e Mostra productos típicos de O Rosal** de maneira virtual.

Para a Mostra Filatélica esta será a XXVII edición que este ano, con moito pesar, non contará co cuño postal conmemorativo que tódolos anos está dedicado ao viño.

Como é ben sabido por todos, coa pandemia do COVID19, non é seguro amorear xente así que, para a seguridade dos visitantes e a de todos, o mellor e non facela física e utilizar as novas tecnoloxías. O Concello de O Rosal habilitou una páxina web para esta XXVIII Feira do Viño e Mostra productos típicos de O Rosal onde o Grupo Filatélico Numismático tamén ten cabida cunha exposición virtual para non perder o fio e a continuidade destas mostras tan representativas no mundo filatélico-vinícola.


A Mostra Filatélica contará con coleccións invitadas de Madrid, Ourense, A Guarda e por suposto, dos socios do Grupo Filatélico Numismático “Val do Rosal”.

Esperamos que sexa do agrado de todos os visitantes e en especial dos filatélicos e adiantar que para o ano que ven será dedicada ao Ano Santo Compostelano.

Agradecemos a todos os que colaboraron para seguir coas Exposiciones Filatélicas Feira do Viño do Rosal.

COVID19

Dr. Pedro Luis Menchén Fernández-Pacheco



Me pide Alfonso Dorado, Presidente de la Sociedad Filatélica de O Rosal, que escriba una justificación ante el hecho de que no poder celebrar en los próximos días del mes de julio la 27 la Exposición Filatélica que cada año coincide con la Feria del Vino de la Ciudad.

A final del pasado año comenzaron a aparecer casos de fiebre y neumonía en pacientes de Wuhan (República de China) achacables a una infección por coronavirus. Los coronavirus son una extensa familia de virus que afecta a hombres y animales. Entre humanos se contagia por contacto con una persona infectada a través de “goticulas” expulsadas por boca y nariz. Para evitar el contagio debe hacerse aislamiento de los portadores del virus y el confinamiento de la población de riesgo.

El aumento de casos, no sólo en Wuhan, sino en diferentes partes del mundo llevó a la Organización Mundial de la Salud a declarar el 30 de enero el brote como Emergencia de Salud Pública de importancia internacional. La aparición de casos en Europa, primero en Italia y después en España, hizo que el 11 de marzo fuese declarado el brote como una Pandemia la Enfermedad por Coronavirus COVID19, también denominada incorrectamente Neumonía por coronavirus.

Ante el desarrollo de la enfermedad nuestro Gobierno declaró el Estado de Alarma el 14 de marzo, con las medidas de confinamiento, por un periodo de 15 días que ha ido prolongándose a lo largo de mas de tres meses. Será Galicia la primera que lo abandonará el próximo 15 de junio gracias a la buena gestión que la Xunta de Galicia ha realizado. La Pandemia ha dejado en España, hasta el día 11 de junio, que escribo la nota, mas de 250.000 afectados, de ellos 50.000 sanitarios y un número no bien explicado de muertos, pero que en las peores estadísticas puede aproximarse a los 40.000. Cifras trágicas, en las que todos podemos reconocer a familiares, amigos y conocidos.

Con esta situación no queda más remedio que suspender la Exposición, pues aunque Galicia esté prácticamente libre de la enfermedad y en situación de normalidad, es indudable que el virus sigue circulando y es necesario que guardemos una serie de normas de convivencia que no la harían posible.

Todo esto ha hecho que se reinventen muchas actuaciones de la vida diaria, desde el trabajo desde casa, las “vacaciones” de nuestros estudiantes o la imposibilidad de visitar a los mayores en la residencias, cierre de los centros de día y lógicamente la suspensión de ferias, fiestas y exposiciones. Se cambian formas de actuar, se implanta el uso de mascarilla, de guantes se han impartido clases y conferencias on line. En lo que a la actividad filatélica incide, se han potenciado la presencia en la red de revistas del tema, puede hojearse la Revista de Filatelia o el ECO en la página Se han realizado actividades para el entretenimiento como la las Curiosidades Filatélicas que en este tiempo han aparecido en la página www.sofima.hol.eso incluso Exposiciones filatélicas virtuales como el Retofilatélico en www.retofilatelico.simplesite.com

Sumándose a este movimiento Alfonso Dorado y los que directamente organizan, cada año la exposición han tenido la magnífica idea de mantener este año la añorada Exposición con una “Exposición virtual “que nos mantenga en contacto a amigos y visitantes de la muestra a la espera que la del próximo año nos permitirá abrazarnos.

O ROSAL VIAXARÁ POLO MUNDO GRAZAS AO SEU CUÑO POSTAL TURÍSTICO

Antes de falar do CUÑO POSTAL TURÍSTICO do ROSAL imos explicar os inicios deste tipo de anulación postal.

Indagamos en internet e, no facebook de Correos aparécenos a noticia destes Cuños Postais Turísticos. O 27 de maio de 2014 presentan estes novos cuños co motivo do Camiño de Santiago (Camiño Francés). Xunto cos Cuños Postais sairán tamén postais pre-franqueadas con dúas imaxes diferentes alusivas do Camiño de Santiago, con selos personalizados adhesivos de tarifa A: xenérico do Camiño de Santiago e cinco co nome das etapas de Burgos, Carrión de los Condes, Astorga, Sarria e Santiago de Compostela. Segundo o “Catálogo Cuños Turísticos Modernos de España” de Francisco Morro Martí, o 2 de xuño de 2014 pónse en circulación o primeiro cuño na localidade de Burgos. Os pertencentes a Galicia: o de Sarria pónse en circulación o 13 de xuño de 2014 e o de Santiago de Compostela o 17 de xuño do mesmo ano.

Nas imaxes que mostramos a continuación veremos os dous pertencentes a Galicia cos seus respectivos cartóns pre-franqueados.



O 12 de decembro ponse en circulación un cuño turístico para cada capital de provincia. Na Oficina Postal da Coruña o motivo é o Faro Torre de Hércules, na de Lugo as Murallas romanas, en Ourense a Fonte das Burgas e en Pontevedra A Igrexa da Peregrina.

Estes Cuños tan característicos son para potenciar máis o turismo da población onde son emitidos e impulsar o patrimonio do lugar ao redor do mundo.



Para A Coruña a Torre de Hércules. Este Faro está situado sobre o outeiro na península desta cidade galega, a súa altura é de 55 metros e data do século I. Ten o privilexio de ser o único Faro Romano e o máis antigo en funcionamento de todo o mundo.



A Muralla Romana de Lugo rodea o centro histórico da cidade, sendo a única do mundo que se conserva enteira. Pola súa misteriosa beleza é Patrimonio da Humanidade desde o ano 2000. Fundada polo maxistrado Paulo Favio Máximo en nome do Emperador César Augusto.



Son moitos os mananciais das Burgas en Ourense, unha da principal é a do deseño. A orixe destes mananciais, é a captación de augas de choiva polas fracturas do terreo até profundidades superiores aos dous quilómetros. Alí quéntanse por calor interna da terra.



A Igrexa da Peregrina de Pontevedra é a más curiosa de Galicia, xa que a súa planta ten forma de vieira. Foi construída entre 1778 e 1892, segundo deseño do arquitecto Antonio de Soto, en estilo barroco tardío, con influencia neoclásico. Esta Santa é a Patroa da Deputación de Pontevedra.

Estes cuños postais son chamados “*turísticos*” pola imaxe que mostran. No deseño destaca o máis representativo da localidade onde será utilizado: monumentos históricos, edificios eclesiásticos, festas populares e gastronómicas, parques naturais, etc.

Esquema dun Cuño Postal Turístico. Neste caso, mostramos o que dispón a nosa Oficina Postal de O Rosal:



A continuación amósase os *Cuños Postais Turísticos* da comunidade galega por orde de posta en circulación a partir dos anteriormente mencionados.

Oficina Postal de Arzúa. Presentación o 17 de xaneiro de 2015.

Motivo: Casa do concello.



O seu concello incluso a comarca, están intimamente ligados á Ruta Xacobea, de feito, o crecemento de Arzúa como vila produciuse no século XI ao abrigo da ruta da peregrinación

Oficina Postal de Tui. Presentación o 6 de xullo de 2015.

Motivo: Catedral de Tui.



A Catedral é o máximo expoñente artístico da cidade de Tui. Comezou a ser construída no ano 1200, aínda que non sería consagrada até 1225, en tempos do Rei Alfonso IX. Ten aparencia de fortificación polas súas torres almenadas. A súa estrutura claramente románica, con engadidos góticos.

Oficina Postal de Ferrol. Presentación o 30 de setembro de 2015.

Motivo: Concello.



O Concello está situado no Palacio Municipal construído a mediados do século XX situado na Praza de Armas, destacando o seu estilo entre neoclásico e racionalista.

Oficina Postal de Mondoñedo. Presentación o 6 de maio de 2016.

Motivo: Catedral de Mondoñedo.



Esta Vila é coñecida pola súa artística catedral, polas súas perfectas proporcións e escasa altura, coñécese como a “*Catedral Arrodillada*”, é un edificio de tres naves con bóveda de crucería sobre arcos apuntados.

Oficina Postal de Verín. Presentación o 27 de maio de 2016.

Motivo: Carnaval de Verín.



Dentro das festas de Galicia, o Entroido de Verín é das más populares. De feito, a súa orixe e os personaxes que nesta celebración representan son moi antigos, tanto, que non se sabe a súa orixe.

Oficina Postal de Pedrafita do Cebreiro. Presentación o 7 de abril de 2017.

Motivo: Igrexa de Santa María a Real de O Cebreiro.



A Igrexa de Santa María a Real de O Cebreiro, (prerománica século XII) rodeada de Pallozas, é o primeiro pobo galego do Camiño Francés, parroquia do municipio de Piedrafita de O Cebreiro, Lugo.

Oficina Postal de A Fonsagrada. Presentación o 9 de xullo de 2015.

Motivo: Fons Sacrata.



A súa historia vira no Camiño Primitivo de Santiago. Atravesando a Vila da Fonsagrada, centro de devoción e visita obrigada á Capela de Santa María onde existía un Albergue e unha Fonte cuxo nomee (Fontem Sacra).

Oficina Postal de O Carballiño. Presentación o 14 de xullo de 2015.

Motivo: Feria do pulpo de O Carballiño.



Deu a súa orixe á celebración dunha das festas gastronómicas multitudinarias e características de Galicia. Celébrase cada segundo domingo de agosto no Parque municipal da Vila. Goza de ser considerada desde 1969 festa de interese turístico.

Oficina Postal de Monforte de Lemos. Presentación o 15 de xullo de 2015.

Motivo: Pazo dos Condes de Lemos.



O claustro central neoclásico de planta cadrada en cantería, conta con columnas toscanas e xemelgas sostendo grandes arcadas de medio punto rematadas por ventás clásicas.

Oficina Postal de Vigo. Presentación o 21 de xullo de 2015.

Motivo: Monte O Castro.



O Monte do Castro é o punto de orixe da cidade de Vigo, o lugar onde os primeiros poboadores asentáronse. Así podemos atopar restos castrexos datados do século II ao III. Hoxe en día ainda se conservan construcións pétreas.

Oficina Postal de Monforte de Lemos. Presentación o 24 de xullo de 2015.

Motivo: Pazo dos Condes de Lemos.



O claustro central neoclásico de planta cadrada en cantería, conta con columnas toscanas e xemelgas sostendo grandes arcadas de medio punto rematadas por ventás clásicas.

Oficina Postal de Fisterra. Presentación o 27 de xullo de 2015.

Motivo: Faro de Fisterra.



A categoría do faro é de primeira orde, con torre de cantería, é de base octogonal acabada en cornixa onde se apoia a adega, con lanterna poligonal, a 138 metros sobre nivel do mar e un alcance de 31 millas mariñas (57 KL).

Oficina Postal de Sanxenxo. Presentación o 27 de xullo de 2015.

Motivo: Ermita da Virxe da Lanzada.



Esta Ermida da Virxe da Lanzada é unha capela tardo románica do século XII de nave única semicircular. Existe unha lenda de fecundidade que consiste en colocar ofrendas na chamada cama da Virxe, que é unha roca.

Oficina Postal de Vilagarcía de Arousa. Presentación o 18 de agosto de 2015.

Motivo: Concello.



O nacemento da actual Vilagarcía produciuse o 1 de marzo de 1913, cando se uniron os concellos entón independentes de Carril, Vilaxoán e Vilagarcía, que desde esa data foi denominado Vilagarcía de Arousa. A Casa Consistorial é do ano 1893.

Oficina Postal de Marín. Presentación o 11 de xullo de 2017.

Motivo: Escola Naval Militar.



Escola Militar, pasaron trescentos anos desde que en 1717 creáse a Real Compañía de Gardas Mariñas. Desde entón, con diferentes denominacións, A Escola Naval Militar foi e é centro docente da Armada.

Oficina Postal de Lugo. Presentación o 21 de xullo de 2017.

Motivo: Camiño Primitivo. Porta de Santiago.



Porta de Santiago da Muralla de Lugo. Xa existía en épocas Romana, as súas dimensións foron reformadas para carruaxes, decorouse cunha hornacina coa imaxe de Santiago e o Escudo de armas do Bispo Izquierdo.

Oficina Postal de Cambre. Presentación o 21 de novembro de 2018.

Motivo: Igrexa de Santa María.



Ábsida da Igrexa de Santa María de Cambre, considerada como un dos mellores exemplos do coñecido como, Románico Compostelán no rural galego, atópase neste municipio da Coruña.

Oficina Postal de Cangas do Morrazo. Presentación o 12 de decembro de 2018.

Motivo: Cruceiro de Hío, Colexiata, Fonte de Santiago e Facho de Donón.



Esta Vila mariñeira situada nas Rías Baixas posúe diferentes monumentos, como o Cruceiro de Hío, é un monumento escultórico considerado como o mellor de Galicia. A Colexiata do século XVI. O Facho de Donón é unha garita de vixilancia circular en pedra do século XVII aínda que a súa base foi un antigo faro medieval.

CUÑO POSTAL TURÍSTICO DO ROSAL

O 12 de novembro, o Director da Oficina Técnica de Correos de O Rosal Ramón Rodríguez Rodríguez, puxo en circulación un novo cuño postal turístico, nesta ocasión para a merecidísima Vila de O Rosal. Este cuño postal está a disposición na Oficina de Correos para calquera que desexe levar o nome de O Rosal nos seus envíos.

O cuño postal compõe de varias imaxes. Nos laterais, os coñecidos Muiños do Picón e Folón declarados Bens de Interés Cultural. Na parte central, o monumental Ponte do Tamuxe, cuxa vía foi de gran importancia para o paso de mercadorías, transporte e unión dos pobos de A Guarda e Tui a cal, tiña o nome de Estrada Real. Na parte superior dous acios de uvas do xa coñecidísimo Val de O Rosal cuxos viños teñen Denominación de Orixe Rías Baixas. O bosquexo enviado a Correos é obra do socio Ángel Pérez Álvarez.

Neste primeiro día de circulación estiveron facendo uso do cuño varios membros do “*Grupo Filatélico y Numismático Val do Rosal*”, responsables do bosquexo e solicitude a Correos, acompañados do Concelleiro de Patrimonio Carlos Villanueva.



De esquerda a dereita: Javier Dorna Vicente, Tesoureira do Grupo Filatélico Val do Rosal; Carlos Villanueva, Concelleiro de Patrimonio do Concello de O Rosal; Alfonso Dorado Senra, Presidente do Grupo Filatélico Val do Rosal; Benito Álvarez Gándara, Secretario do Grupo Filatélico Val do Rosal; Antonio Martínez Martínez, Vocal do Grupo Filatélico Val do Rosal y Ramón Rodríguez Rodríguez, Director da Oficina Técnica de Correos de O Rosal.

Unha curiosidade filatélica...

Ó longo dos cinco continentes atopamos miles de filatélicos.


O coleccionismo da marcofilia (estudo de fechadores, marcas postais ou cuños postais conmemorativos entre outros) nos leva a que, unha maneira de conseguir os cuños postais turísticos é, que os coleccionistas solicitan a Correos ou as oficinas locais estes cuños postais; tamén os conmemorativos que se utilicen alí, incluso os fechadores utilizados pola propia oficina.

Para isto, o coleccionista envía unha carta a oficina de Correos onde se encontra o cuño postal desexado.

No interior da mesma, adxúntase unha carta informativa do que desexamos cuñar postalmente e, con un ou varios sobres ou tarxetas franqueadas a destino.

Pois ben, ata a oficina postal de O Rosal chegou a primeira carta para solicitar o CUÑO POSTAL TURÍSTICO da nosa localidade.

A sorpresa é que este primeiro coleccionista que solicitou o noso cuño postal foi de Osaka, Xapón!!!!



Despois xa chegaron case un centenar do territorio español: Madrid, Cádiz, Pontevedra, Zaragoza, Tarragona, Mallorca, Ciudad Real, Cangas, Barcelona, Santander, Ourense, León, Sevilla, Santa Cruz de Tenerife, etc. E unha do Principado de Andorra.

Artigo de Alfonso Dorado Senra e Marta Verde Rodríguez.

LISTADO DE COLECCIÓN S E EXPOSITORES DA “XXVII EXPOSICIÓN FILATÉLICA FEIRA DO VIÑO DO ROSAL 2020”

TEMAS

HOSPITALES: Asistencia, docencia e investigación

Pedro Luis Menchén Fernández-Pacheco (Madrid)

COVID19. La Pandemia que cambió el mundo en el siglo XXI

Pedro Luis Menchén Fernández-Pacheco (Madrid)

Personaxes galegos

Antonio Martínez Martínez (O Rosal)

TEMÁTICA

“Ouviña”: Del origen a la identidad

María Elisa Abad Suárez (Ourense)

Colón; Rumbo a las Yndias

José Ángel Gándara Rodríguez (A Guarda)

Faros y otras ayudas a la navegación

Miguel Martínez Pérez (O Rosal)

Lorca y su entorno

Alfonso Dorado Senra (O Rosal)

TEMÁTICA DE XUVENÍS

Ajedrez, blancas contra negras

Francisco Alonso Dorado (O Rosal)

Las flores de mi jardín

Sofía Alonso Dorado (O Rosal)

HISTORIA POSTAL

SIGLO XIX: Pinceladas del correo en Galicia

Joaquín Silva Martínez (Ourense)

MARCOFILIA

VIAJAR POR ESPAÑA (a través de los Matasellos Turísticos)

Daniel Rodríguez Novoa (Ourense)

CLASE ABERTA

Al son de la Gaita

Marta Verde Rodríguez (A Guarda)

FILATELIA MODERNA

El Preludio de un nuevo futuro

Beatriz González Abel (Ourense)

“XXVII EXPOSICIÓN FILATÉLICA FEIRA DO VIÑO DO ROSAL 2020” VIRTUAL

Como xa todos coñecemos a situación que estamos a pasar, este ano a mostra filatélica será adaptada os tempos que nos toca vivir.

O concello de O Rosal propuxo unha Feira do Viño e Mostra de Productos típicos adaptada as medidas de protección e prevención sobre o COVID19.

Para este acontecemento habilitou unha páxina web <https://xn--feiradovio-19a.gal/> onde se desenrolaron as actividades previstas. Pregón, presentación da Feira da Alcandesa Ánxela Fernández Callís, concertos, cata comentada, ao igual que emotivos desexos e felicitacións de parte de destacados personaxes públicos para que esta Feira fora todo un éxito.



Coma non podería ser doutra maneira, o “Grupo Filatélico Numismático Val do Rosal” tamén participou nesta iniciativa cun artigo sobre os cuños turísticos, destacando o do Rosal. A mostra filatélica foi virtual onde distintos coleccionistas quixeron unirse a esta singular exposición participando dende Madrid, Ourense, A Guarda e O Rosal. <https://xn--feiradovio-19a.gal/exposicion-filatelica/>


Esperamos que voltar o próximo ano coa nosa Exposición Filatélica de sempre para poder saudar e agradecer a todos os que participan e nos visitan.

Cartel anunciador da "XXVIII Feira do Viño de O Rosal 2020".

ORGANIZA:



COLABORAN:



PATROCINAN:

